

XXXI DOMINGO ORDINARIO (B)

PRIMEIRA LECTURA Dt 6, 2-6

Lectura do Libro do Deuteronomio

Faloulle Moisés ó pobo e díxolle: - Respecta o Señor, o teu Deus, gardando tódolos seus preceptos e os seus mandamentos, os que eu che prescribo hoxe, ti e o teu fillo e mailo teu neto, tódolos días da túa vida, para que se alonguen os teus días.

Escoita, Israel, e ten coidado de obedecer para que sexas feliz e te multipliques moito, pois tal como cho falou o Señor, Deus dos teus pais, aquela é unha terra que deita leite e mel.

Escoita, Israel: O Señor, noso Deus, é o único Señor. Amara-lo Señor, teu Deus, con todo o teu corazón, con toda a túa alma e con toda a túa forza. As palabras estas, que eu che prescribo hoxe, quedarán gravadas no teu corazón.

SALMO RESPONSORIAL Sal 17, 2-3a. 3bc-4. 47 e 51ab

R/. (2): **Eu ámote, Señor. Ti e-la miña forza.**

Eu ámote, Señor, a miña forza,
Señor, a miña rocha, o meu castro, o meu refuxio.

Meu Deus, penedo onde me acollo,
o meu escudo, o meu alcázar, o meu castelo.
Eu invoco o Señor, o adorable,
e salvame dos meus inimigos.

Viva o Señor, bendita a miña rocha;
sexa exaltado Deus, o meu salvador,
o que lle dá ó rei grandes victorias
e mostra misericordia ó seu unxido.

SEGUNDA LECTURA Heb 7, 23-28

Lectura da carta ós Hebreos

Irmáns: Foron moitísimos os sacerdotes do primeiro Testamento, porque a morte non os deixaba ser duradeiros; pero este ten un sacerdocio imperecedoiro, xa que dura para sempre.

Por iso pode levar á plenitude da salvación para sempre ós que por El se achegan a Deus, xa que en todo momento vive para interceder por eles.

Pois era xustamente deste xeito o sacerdote que nos cumpría: santo, sen ruindade e sen pecado, separado dos pecadores e levantado a unha gloria máis alta có mesmo ceo.

Non necesita ofrecer sacrificios cada día, en primeiro lugar polos seus pecados e logo polos do pobo, como os outros Sumos Sacerdotes; pois isto fíxoo dunha vez para sempre, ofrecéndose a si mesmo.

En síntese, a Lei constitúe Sumos Sacerdotes a homes débiles, mentres que o xuramento que vén despois da Lei constitúe Sumo Sacerdote o Fillo que logrou a salvación plena para sempre.

EVANXEO Mc 12, 28b-34

Lectura do santo Evanxeo segundo Marcos

Naquel tempo, acercouse a Xesús un letrado e preguntoulle: - ¿Cal é o primeiro de tódolos mandamentos?

Respondeu Xesús: - O primeiro é: "Escoita, Israel: O Señor, noso Deus, é o único Señor. Amara-lo Señor, teu Deus, con todo o teu corazón, con toda a túa alma, con toda a túa mente e con toda a túa forza". O segundo é este: "Amara-lo teu próximo coma a ti mesmo". Non hai mandamento máis importante ca estes.

O letrado replicou: - Moi ben, Mestre, estás no certo cando dis que é único e non hai outro fóra del; e que amalo con todo o corazón, con todo o entendemento e con toda a forza, e ama-lo próximo coma a un mesmo, é máis importante do que tódolos holocaustos e sacrificios.

Xesús, vendo que respondera con moito tino, díxolle: - Non estás lonxe do Reino de Deus.

E ninguén se atreveu a facerlle máis preguntas.